

CULTURA

A revista 'Arraianos' sae cunha nova edición para falar das fronteiras reais ou imaxinarias

TAMARA PEÑA | 17/09/2010 - 01:18 h.

"O peche dun ciclo". Así definiu onte o director da revista Arraianos, Aser Álvarez, o número oito da publicación que se vén de presentar e que nesta ocasión xirará ao redor da raia, o termo co que se coñece a fronteira entre España e Portugal, "así como de moitas outras divisións transnacionais reais ou imaxinarias".

Un novo número co "que pechamos un ciclo" xa que este é un proxecto que "nos permitiu facer o que sempre quixemos facer" e no que contamos cunha "abondosa nómina de colaboradores", explicou Aser Álvarez.

Unha revista que "non é tal porque non nace con ese ánimo de lucro se non que pretende ser un reflexo do mundo arraiano"; dese mundo subdesenvolvido, esquecido, mal comunicado, que sempre anda entre fronteiras, "a periferia da periferia", comentou o director da revista.

Unha nova aposta que onte foi presentada na librería Couceiro pola Asociación Arraianos e pola editorial Alvarellos nun acto ao que asistiron os responsables das dúas entidades, Aser Álvarez e Henrique Alvarellos.

Case 200 páxinas que conta "con moi bos colaboradores" entre os que se atopan nomes como Méndez Ferrín, Santiago Lamas, Fermín Bouza, Juan J. Moralejo, Franck Meyer ou Mercedes Queixas, todos "a conversar sobre o mesmo" as diferentes facetas dunha raia que "separa dunha maneira ou da outra realidades".

Ademais, para esta publicación rescatouse parte da obra inédita do fotógrafo extremeño xa falecido Antonio Covarsí. As súas imaxes sobre toda a fronteira de Portugal–dende Galicia até Andalucía– empréganse para ilustrar os contidos deste último número de Arraianos.